*Non é aceptable que haxa que poñer nunha balanza a saúde da cidadanía e a subsistencia de miles de familias, como tampouco o é que o impacto derivado das medidas de saúde pública que a autoridade competente adopte, sexan soportadas en solitario por un sector da poboación sen ofrecerlle ningún tipo de auxilio.*

*Por iso, coa finalidade de que a saúde das cidadás e dos cidadáns sexa o único elemento de decisión, resulta imprescindible adoptar modelos como o implantado en Alemaña, onde calquera restrición sanitaria chega acompañada de liñas de axudas para os sectores afectados. Aínda máis nun momento no que a administración autonómica, que é a competente para ordenar as restricións, ten á súa disposición os recursos para facer efectivas as axudas.*

*En Galicia estamos preparados para adoptar un modelo similar ao alemán para afrontar non só á difícil situación económica das PEMES e autónomos da provincia, senón tamén de protexelas das perdas derivadas das restricións sanitarias aplicadas ata o momento, xa que durante o ano 2020 o goberno estatal remitiu á Xunta de Galicia recursos non reembolsables a través do fondo COVID estatal para compensar a caída de ingresos pola redución da actividade económica por valor de 224,10 millóns, e acaba de anunciar o reparto de 441 millóns de euros a través dos fondos de REACT-EU.*

*Do mesmo xeito, os orzamentos de ingresos da Xunta de Galicia medraron nun 13,98% respecto ao ano 2020, grazas, na súa maior parte ás novas transferencias que chegarán de novo a través dos fondos REACT-EU, o que significará a recepción de fondos extraordinarios para afrontar esta situación epidemiolóxica.*

*Por isto, a Xunta de Galicia dispón de recursos extra que lle permiten dar as axudas que se reclaman dende os sectores da hostalería e o comercio, para poder afrontar as dificultades actuais e tamén as que xurdirán a medio e longo prazo.*

*Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica de Galicia na segunda quincena de xaneiro, supera con moito o repunte inicialmente previsto, situándonos no peor momento da pandemia, o que obriga necesariamente a incrementar as restricións. A situación actual require a acción dun goberno responsable, con anticipación e prudencia, o que necesariamente debe traducirse nunha revisión dos orzamentos que o 26 de xaneiro aprobou o Parlamento de Galicia sen modificar unha coma, reorientando as partidas de gastos para rescatar aqueles sectores máis prexudicados.*

*Os compromisos noutras materias non deben ser unha excusa. Os gobernos autonómicos recibiron o ano pasado 16.000 millóns de euros para afrontar os gastos extraordinarios en sanidade (9.000 millóns) e educación (2.000 millóns).*

*A Deputación Provincial da Coruña sempre estivo disposta a axudar aos sectores afectados; proba diso é que ante a desatención da Xunta de Galicia á petición de coordinación, implementou un plan dirixido a PEMES e autónomos que mobilizou 17 millóns de euros coa colaboración dos concellos da provincia. Destináronse 12,5 millóns de euros a axudas aos pequenos negocios afectados polas consecuencias da Covid-19 nos concellos coruñeses de menos de 50.000 habitantes (dos que a Deputación aportou o 80%, 10 millóns de euros, e os municipios o 20% restante) e outros 3 millóns de euros a complementar os programas de reactivación económica impulsados polas grandes cidades da provincia: A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. E fíxose sen recibir ningunha transferencia extra de ningunha administración pública, revisando a fondo os seus presupostos.*

*Somos conscientes de que a situación require un novo esforzo, polo que continúan dispostos a seguir traballando e chegar a acordos interadministrativos, para consensuar un plan de rescate efectivo dirixido aos sectores afectados que garanta a subsistencia de miles de familias.*

*As medidas anunciadas polo presidente da Xunta de Galicia o pasado 26 de xaneiro, coa posta en marcha en solitario dun fondo de 50 millóns do presuposto autonómico, resulta manifestamente insuficiente para rescatar a un sector que achega o 10% do PIB da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Por todo isto, esta Corporación Local adopta o seguinte acordo:*

*• Instar á Xunta de Galicia a que, dende o diálogo e o respecto á autonomía local, acorde coas deputacións provinciais e os concellos un plan de rescate para os sectores da hostalería e o turismo no que estas administracións participen do seguinte modo*

*- Xunta, deputacións e concellos de máis de 20.000 habitantes acheguen o 1% do seus presupostos.*

*- Os restantes concellos acheguen de forma proporcional ao peso destes sectores no seu concello >>.*



Continúa o debate coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Rodríguez Pena (BNG), da sra. Salorio Porral (PP), do sr. Alcalde e da sra. Pardo Fafián (PSOE).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción do PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galicia a que, dende o diálogo e o respecto á autonomía local, acorde coas deputacións provinciais e os concellos un plan de rescate para os sectores da hostalería e o turismo no que estas administracións participen do seguinte modo:

- Xunta, deputacións e concellos de máis de 20.000 habitantes acheguen o 1% do seus presupostos.
- Os restantes concellos acheguen de forma proporcional ao peso destes sectores no seu concello.

## **2ª.- Moción que presenta o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre as mobilizacións feministas do 8 de marzo.**

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Reimúndez Suárez (BNG) dá lectura á moción:

### **<<Moción sobre as mobilizacións feministas do 8 de Marzo**

#### **Exposición de motivos:**

*Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galiza porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e esta crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soste-lo presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.*

*A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiros, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.*

*A crise da covid-19 deixou en Galiza unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial malia ser ilegal continúa a superar o 20% e ten tamén o seu correlato na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.*

*Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.*

*O feminismo galego impulsou no noso país unha resposta social sen precedentes que inzoou as rúas os 8 de marzo dos anos anteriores, precedidas de históricas mobilizacións nacionais en Verín, Lugo, Vigo e Santiago de Compostela desde que no ano 2017 se fixeron as primeiras convocatorias de apoio á folga internacional, emanada de Latinoamérica. Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as*





*mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e máis reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021. Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres. Hoxe, as que sostemos o presente imos saír ás rúas e facer folga para cambiar o futuro, para construír un futuro de igualdade, liberdade e feminismo.*

*Por todo o exposto o Pleno do Concello*

*Acorda:*

*1) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo sadense e galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19 ,que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.*

*2) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.*

*3) Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación>>.*

Continúa o debate coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Pardo Fafián (PSOE) anuncia que teñen unha emenda de adición (e que se inclúe a parte dispositiva da súa moción, a retirarán); da sra. García Freire (PP) que teñen outra emenda no punto primeiro e votarán por puntos a moción; da sra. Rúa Prieto (SM).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo sadense e galego auto-organizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19 ,que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

3) Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.

4) Impulsar e reforzar o marco normativo municipal para que se introduza a perspectiva de xénero en tódalas políticas levadas a cabo dende o Concello de Sada.

5) Instar o Goberno da Xunta de Galicia, dentro do seu marco competencial a:



- Impulsar políticas dirixidas a pechar as moitas brechas que nos quedan aínda pendentes como; a creba laboral, a salarial e a fenda dixital.
- Fomentar actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade.
- Corrixir as situacións de desigualdade das mulleres, dende o ámbito rural ao investigador e tecnolóxico.
- Despregar políticas dirixidas a loitar contra a pobreza infantil e ás das mulleres con fillos e fillas a cargo.

6) Dar traslado deste acordo plenario á Xunta de Galicia.

### **3ª.- Moción que presenta o grupo municipal do Partido Popular en apoio da transferencia á Xunta de Galicia da xestión do dominio público marítimo terrestre.**

O sr. García Cotelo (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. García Cotelo (PP) dá lectura á moción:

#### **<<MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DA TRANSFERENCIA Á XUNTA DE GALICIA DA XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE**

*O Grupo Municipal Popular no concello de Sada de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:*

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a comunidade galega leva solicitando ao Goberno central desde 2009 o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.*

*Principalmente, réclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.*

*Ante a existencia de dous niveles administrativos diferentes nesta zona, considérase imprescindible continuar reclamando ao Estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre.*

*O obxectivo desta reclamación é acadar unha mellor prestación do servizo público, facéndoo a través dunha xestión de proximidade e cun coñecemento máis detallado da nosa realidade costeira, referendada coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello/deputación de Sada, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO "Instar ao Goberno central a proceder ao traspaso de competencias á Xunta de Galicia para a xestión do dominio público marítimo terrestre">>.*

Continúa o debate coa intervención da sra. Nogueira Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE), do sr. Alcalde e do sr. García Cotelo (PP) e do sr. Alcalde.

A continuación, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Votos en contra: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada a adopción de calquera tipo de acordo.

### **4ª.- Moción que presenta o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre a transferencia da AP-9 a Galicia.**

A sra. Rodríguez Pena (BNG) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.



A continuación, a sra. Rodríguez Pena (BNG) dá lectura á moción:

**<<Moción sobre a Transferencia da AP9 a Galiza**

**Exposición de motivos:**

*A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.*

*A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.*

*A historia da AP9 é a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten custado miles de millóns de euros en peaxes.*

*Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.*

*Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.*

*A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.*

*Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.*

*Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.*

*Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.*

*Por todo o exposto o Pleno do Concello*

**Acorda:**

*1- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual periodo de sesións.*

*2.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9>>.*

Debátese o asunto coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Pardo Fafián (PSOE) que fai unha emenda de substitución:

*<<Cooperar co Goberno do Estado para conseguir realizar a transferencia da AP-9, unha vez que o Congreso admitiu a trámite a proposición de lei de transferencia da AP-9>>.*

Continúa o debate coa intervención do sr. Tellado Villares (PP), e presenta unha emenda do PP:

*<<Cooperar co Goberno do Estado para conseguir realizar a transferencia da AP-9, unha vez que o Congreso admitiu a trámite a proposición de lei de transferencia da AP-9, cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa apropiada xestión>>.*

Continúa o debate coa intervención do sr. Fariña Andrade (SM), da sra. Rodríguez Pena (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE) e do sr. Tellado Villares (PP).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP).
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.



Deseguido, procédese á votación da emenda do PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

**Único.-** Cooperar co Goberno do Estado para conseguir realizar a transferencia da AP-9, unha vez que o Congreso admitiu a trámite a proposición de lei de transferencia da AP-9.

**5ª.- Moción que presenta o grupo municipal do PP para recoñecer a capacidade de xestión das entidades locais e a aumentar a porcentaxe dos fondos europeos de recuperación asignado aos concellos, deputacións, cabildos e consells insulares.**

O sr. Tellado Villares (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. Tellado Villares (PP) dá lectura á moción:

**<<MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO EL AYUNTAMIENTO DE SADA PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A RECONOCER LA CAPACIDAD DE GESTIÓN DE LAS ENTIDADES LOCALES Y A AUMENTAR EL PORCENTAJE DE LOS FONDOS EUROPEOS DE RECUPERACIÓN ASIGNADO A LOS AYUNTAMIENTOS, DIPUTACIONES, CABILDOS Y CONSELLS INSULARES.**

*El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Sada, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de Sada desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares constituyen las administraciones más accesibles a los ciudadanos que les demandan servicios públicos de calidad y les reclaman soluciones a sus necesidades y problemas.*

*Las entidades locales siempre han respondido de manera eficaz a esas exigencias de los vecinos excediéndose, en muchas ocasiones, de las competencias propias que tienen asignadas y, además, han jugado un papel fundamental en la prestación de los servicios públicos básicos a los ciudadanos que habitan los pueblos y ciudades de España.*

*Un papel decisivo y fundamental que las entidades locales españolas han vuelto a ejercer desde el inicio la pandemia provocada por el COVID-19.*

*Así, desde el mes de marzo de 2020, los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares han puesto en marcha iniciativas para contener la expansión de la pandemia, proteger a su población del virus, apoyar a los ciudadanos más vulnerables, siendo pioneras en implantar programas y ayudas para paliar los efectos de la crisis sanitaria, social y económica derivada de la pandemia.*

*Mientras esto sucedía, el Gobierno de España no solo no ha destinado un solo euro a apoyar a las entidades locales en su lucha contra el virus y las negativas consecuencias del mismo sino que ha demostrado una absoluta falta de respeto a la autonomía de las entidades locales y al marco jurídico que las regula así como una grave deslealtad a los gobiernos locales y a todos los vecinos a los que representan.*

*Primero, el Gobierno de España intentó apropiarse a través del Real Decreto Ley 27/2020 de los ahorros acumulados durante los últimos años por las entidades locales en una muestra de responsabilidad y buena gestión de los recursos públicos de todos los vecinos. Una confiscación que, gracias a la movilización del Partido Popular y a la denominada "rebelión de los alcaldes", de todo signo político, se logró evitar.*

*Segundo, el Gobierno de España despreció a las entidades locales en los Presupuestos Generales del Estado para 2021 puesto que: no incluyó en los mismos el fondo para la reconstrucción local prometido por la Ministra Montero en reiteradas ocasiones durante el pasado año.*

- 1. las transferencias a entidades locales se incrementan menos del 2% frente al 6,4% de incremento global de los PGE**
- 2. Las CCAA gestionarán el 54,2% (18.793 millones €) del total de fondos de recuperación europeos mientras que a las entidades locales**
- 3. no se les va a dejar gestionar ni siquiera el 4,2% (1.483 millones) de dichos fondos, que tienen adjudicados.**

*Si hacemos el cálculo sobre el total de fondos europeos a percibir por España, 140.000 millones, el porcentaje se reduce al 1%, lo que confirma fehacientemente que el Gobierno de Sánchez e Iglesias es el más antimunicipalista de la democracia.*

*Por último, hay que señalar que el Gobierno de España ha aprobado, gracias al apoyo de Bildu y la abstención de Vox, el Real*



**Decreto-ley 36/2020, de 30 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes para la modernización de la Administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que concentra en el propio gobierno la mayor parte del poder en el reparto de los fondos de recuperación que la Unión Europea ha asignado a España.** Un decreto que se caracteriza por la **arbitrariedad, falta de transparencia y concentración de las decisiones** en un gobierno que ya ha demostrado su sectarismo y su falta de lealtad con las entidades locales y, en definitiva, su desprecio a la autonomía local.

Ante esta realidad, **el Partido Popular ha exigido en diversas ocasiones:**

- 1- **la creación del fondo de reconstrucción para las entidades locales.** Un compromiso asumido por diversos ministros del gobierno en diferentes ocasiones que no han cumplido
- 2- **un decreto de gestión de los fondos europeos que garantizase una participación real y transparente de las entidades locales en los mismos**
- 3- **y que los Ayuntamiento, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares gestionasen un porcentaje de los Fondos Europeos equivalente a lo que supone el gasto local dentro de todo el gasto público total.**

**El Gobierno no ha aceptado ninguna de estas reivindicaciones y a través de uno de los partidos que lo sustenta (PSOE) ha llegado a justificar su negativa por “la falta de recursos intelectuales” en las entidades locales para, al menos, poder gestionar directamente el exiguo porcentaje de los fondos europeos que tiene adjudicado.** Una negativa en la que nuevamente el gobierno ha contado con el apoyo de Vox.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Sada, presenta la siguiente:

#### **PROPUESTA DE ACUERDO**

El Ayuntamiento de Sada:

1. **Condena la postura del grupo socialista en el Senado que el pasado 18 de febrero ponía en duda la capacidad de los gobiernos locales y, por ende, de sus técnicos para gestionar los fondos europeos.**
2. **Rechaza la propuesta del Gobierno de España para que las EELL participen en los fondos de reconstrucción europeos tan solo en 1.483 millones de €, lo que representa únicamente el 1% del total de los fondos que llegarán a España para la lucha contra los efectos del COVID19.**

E insta al Gobierno de España a:

3. **Condernar formalmente la postura del grupo socialista en el Senado y a reconocer de manera expresa la capacidad de las entidades locales para gestionar correctamente los fondos europeos ya que, en los últimos años, ha sido la única administración pública española que no solo han garantizado los servicios públicos a sus ciudadanos sino que han generado ahorros para mantenerlos en el futuro y no hipotecar a las próximas generaciones de españoles.**
4. **Acordar que las entidades locales puedan participar de forma directa de los fondos europeos para la reconstrucción en al menos, un 14,6% (20.000 millones de €) que equivale al porcentaje de gasto público que representan las entidades locales dentro del gasto público de la Nación.**
5. **Fijar en el primer trimestre de 2021 el reparto entre las Entidades Locales de los Fondos del Mecanismo de Reconstrucción, Recuperación y Resiliencia, de acuerdo con las prioridades que establezca, por consenso, la Federación Española de Municipios y Provincias en materia de protección social, fomento del empleo, cultura y deporte, medioambiente y bienestar comunitario, urbanismo y vivienda, seguridad y movilidad ciudadana, sanidad y educación, y otras cuestiones de impacto local.**
6. **Crear de manera urgente el Fondo de Reconstrucción Local por valor de 3.000 millones € que la Ministra de Hacienda prometió en repetidas ocasiones durante el año 2020 y que todavía no se ha desarrollado.**
7. **Presentar un proyecto de ley de modificación del actual sistema de financiación local que incremente la Participación en los Ingresos del Estado de las EELL en una cuantía suficiente para compensar la deficiente financiación que vienen sufriendo. Dar traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno, a la Ministra de Hacienda, al Ministro de Política Territorial y Función Pública, a los Portavoces de Grupos Políticos del Congreso, Senado y de las Cortes y a la Junta de Gobierno de la FEMP>>.**

Debátese o asunto coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. Taibo Fernández (SM), e do sr. Tellado Villares (PP).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP).
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencions: Non se produciron.

Resultando rexeitada a adopción de calquera tipo de acordo.



**A continuación, o sr. Alcalde sinala que hai dúas mocións que, por unha cuestión informática, non entraron en prazo.**

A sra. Pardo Fafián (PSOE) sinala que debería manterse o criterio que na sesión plenaria anterior.

O sr. Alcalde respóndelle que quedan incluídas para a sesión plenaria seguinte.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) non considera que sexa a mesma situación que na sesión ordinaria, pero quedarán para o seguinte pleno.

O sr. Alcalde conclúe sinalando que quedan incluídas para a sesión plenaria ordinaria, salvo que sexan retiradas

**C.- Rogos e preguntas.**

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula o seguinte rogo:

1º) Roga que as obras de mellora do paseo marítimo non se fagan no verán.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) reitera as preguntas de sesións plenarias anteriores:

1ª.- Se o Concello de Sada vai pedir responsabilidade ao equipo redactor do proxecto de reforma do centro de formación ocupacional polos danos e prexuízos nos erros de cálculo do formigón.

O sr. Alcalde respóndelle que aínda non ten preparada a resposta.

2ª.- Vistas as restricións que afectan ao tecido empresarial, ao comercio non esencial, o Concello de Sada contempla suspender o cobramento das taxas de auga e de lixo, para todos os negocios.

O sr. Alcalde respóndelle que vén o martes a empresa concesionaria, e que non é moi probable tal e como está o contrato.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) dille que refírese á auga, pero non en canto ao lixo.

O sr. Alcalde respóndelle que foi trasladada unha proposta ao Consorcio das Mariñas, en xullo, por Sada e Cambre, e parece que non foi atendida.

3ª.- Houbo avances coas terrazas da Avenida do Porto, en relación coa tramitación da exención de taxas.

4ª.- Houbo avances en relación coa pesca deportivas no peirao.

O sr. Alcalde respóndelle que Portos de Galicia está a negociar directamente coas asociacións de pesca deportiva, e que, no caso das terrazas, están pendentes de aprobar o Plan Especial, e que remitiron unha solicitude a Costas do Estado, que é o único informe sectorial que faltaba.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) realiza as preguntas seguintes:

1ª) Pregunta como van os orzamentos do 2021, como xa fixo en novembro de 2020.

A sra. Taibo Fernández (SM) respóndelle que vai haber orzamentos este ano, e que van levar uns orzamentos para aprobar.

2ª) Pregunta se hai algún informe técnico que avale a eliminación da parada de autobús diante do edificio de usos administrativos, facendo unha parada nun carril de circulación, na arteria principal e xusto antes dunhas das rotondas máis concorridas e paso de peóns do centro urbano de Sada.

O sr. Alcalde respóndelle que si que houbo informes técnicos e que lles tivo que autorizar a Xunta de Galicia.

3ª) Pregunta que, se como dixeron a sra. Rodríguez Pena e como o sr. Alcalde na sesión plenaria anterior, ningún obrigado ao peche quedaría sen axuda, incrementando os cartos que sexa precisos, polo que se lle pode explicar aos peticionarios que non se pode atender as súas solicitudes, no caso de que se liberen fondos, 73 do grupo I, todas as do grupo II e grupo III.



O sr. Alcalde respóndelle que tamén se dixo que se empregaría o remanente da primeira liña de axudas para a segunda liña, é dicir, complementando o remanente do SADA-ACTIVA no PEL-REACTIVA, aproveitando ese remanente que non se pode facer a día de hoxe porque non está liquidado o orzamento., sendo precisa unha modificación de crédito

A sra. Rodríguez Pena (BNG) fala de que vai ser un proceso complexo técnica e administrativamente.

O sr. Tellado Villares (PP) realiza as preguntas seguintes:

1ª) Pregunta, en relación coas obras de recepción do pozo de tormentas das rúas Cambre, Culleredo e Abegondo, se a realización dos planos non é competencia do director de obras.

2ª) Pregunta, en relación co valado do pocete, obra que non está rematada, se existen erros no proxecto ou un fraccionamento do contrato.

3ª) Pregunta que, en relación con esa obra, que foi executada por UNIÓN FENOSA, e que non figura no proxecto, polo que non foi autorizado por Augas de Galicia, se adoptaron algunha medida para restituír a legalidade urbanística.

O sr. Fariña Andrade (SM) dille que lles responderá por escrito.

A sra. Salorio Porral (PP) formula un rogo e varias preguntas:

1º) Roga que se revisen tres farolas nas escaleiras no lateral de *Zumolandia*, no camiño das Figueiras, que non teñen luz.

O sr. Fariña Andrade (SM) dille que é competencia de Portos de Galicia, organismo dependente da Xunta de Galicia.

1ª) Pregunta, en relación co subministro de fibra, dado que a empresa R é a única que se pode contratar, agora llo reclaman veciños de Esperela e Riobao, que medidas adoptaron para que cheguen as novas tecnoloxías á veciñanza de Sada.

A sra. Mouriño Neira (SM) respóndelle que pediu en Urbanismo unha relación de solicitudes e que calquera veciño pode poñerse en contacto co Concello de Sada.

2º) Roga que, en relación ao camiño da igrexa do Espírito Santo, no que hai un vehículo que leva seis meses abandonado, hai fochancas, árbores sen podar, falta de alumeadado público, se poden atender as súas necesidades e tomar medidas, porque os veciños consideran que están abandonados.

2ª) Pregunta, en relación coa súa solicitude de acceso o 18/01/2021 ao expediente aos aseos do paseo marítimo, agora coñecido como nave espacial, se só existe unha folla.

O sr. Alcalde respóndelle que a obra foi feita con recursos e medios propios.

O sr. Fariña Andrade (SM) dille que as obras consistiron con tiras uns tabiques, os tabiquillos, botar un recrecido, cambiar as fiestras, acondicionar aquilo que estaba feito un desastre.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 25 minutos do día xoves 25 de febreiro do 2021, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).